








FESTIVAL
2024



Un
atreveramento
bárbaro

DEPUTACIÓN DA CORUÑA

VI FESTIVAL

Rosalía

**UN
GRANDE
ATREVEMENTO.**

FESTIVAL ROSALÍA

23 e 24 de febreiro
Praza de Mazarelos, Santiago de Compostela

Organiza: Deputación da Coruña
Colabora: Concello de Santiago de Compostela

Sexta edición, 2024

Todas as actividades son de balde até completar capacidade e desenvólvense na Praza de Mazarelos



SANTIAGO DE COMPOSTELA

23 E 24 DE FEBREIRO. PRAZA DE MAZARELOS

2024.

PRÓLOGO

Grande atrevemento é sen dúbida que, na súa sexta edición, o Festival Rosalía se encha de sol, harmonía e naturalidade, para celebrar novas e diversas creatividadeas en lingua galega. Durante dúas xornadas daranse a coñecer belezas de primeira orde: poesía, teatro, música e artesanía de inspiración fecunda, que dan nova dimensión á nosa lingua e á propia Rosalía*.

A Deputación da Coruña, por medio da Área de Lingua, en colaboración con Concello de Santiago, queren tamén nesta nova edición festexar o 187 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, cuxa imaxe continúa a enriquecerse á medida que medra a nosa cultura.

O festival terá lugar os días 23 e 24 de febreiro na Praza de Mazarelos (Santiago de Compostela) e todas as actividades serán de balde.

**Texto inspirado no prólogo de Rosalía de Castro á súa obra Cantares Gallegos (1863).*

VI FESTIVAL ROSALÍA

23 DE FEBREIRO

Feira de produtos con “marca Rosalía” *	17.00h
Somos ríos, somos fontes, somos regatos pequenos ...	17.30h
Dúo Vaguedades	19.00h
Indóciles	20.30h

24 DE FEBREIRO

Feira de produtos con “marca Rosalía” *	11.00h
Obradoiros de decoración e maquillaxe rosalianas e de xogos populares *	11.00h
Ópera Break’s	12.00h
Cantamos con... Rosalía de Castro!	13.30h
Pasarrúas rosaliano	16.30h
Contos nunha roda. Rosalía	17.00h
Quiz rosaliano	17.30h
Presentación do libro “Intenso e solidario Feminismo. Estudos Rosalianos”	18.30h
O atrevemento da voz nos versos	20.00h
Loita Amada	21.15h

**A feira de produtos con “marca Rosalía” e os obradoiros de decoración e maquillaxe rosalianas e de xogos populares desenvolveranse ao longo de todo día, ata o peche do festival.*



23 DE FEBREIRO

17.30h

SOMOS RÍOS, SOMOS FONTES, SOMOS REGATOS PEQUENOS

Neste contacontos familiar da Trastenda dos Contos faise un percorrido pola obra e vida da nosa autora fundacional a través dos seus escritos e da súa testemuña... pero tamén a partir dos afluentes, lagoas, mananciais... que xurdiron dela. Dende as autoras e autores do seu tempo ata a nosa literatura contemporánea... facendo especial fincapé na efervescente poesía feminina actual.



19.00h

DÚO VAGUEDADES

Espectáculo teatral de Isabel Risco e Fran Rei no que se converten en Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, nunha iniciativa que dá un salto do audiovisual ao escenario e que mestura teatro, humor e música. Na liña habitual desta parella de humoristas, este espectáculo propón unha revisión cómica dunha parte fundamental da nosa cultura, da nosa lingua, do noso xeito de ser e da nosa relación co resto do universo.

20.30h.

INDÓCILES. LUÍSA VILLALTA A ESCENA

Indóciles é un proxecto multidisciplinar que achega ao público a obra de Luísa Villalta, unha autora comprometida e versátil cun legado literario provocador e rebelde. Da man de Vero Rilo, narradora oral, Nuria Vil, resitadora, e Mónica de Nut, música, o legado e a voz de Villalta volven ao escenario.



24 DE FEBREIRO

12.00h.

ÓPERA BREAK'S

Espectáculo que mestura Ópera, Break-dance, Beatbox e Dj nunha única función de gran calidade artística que brota da conexión da soprano Esperanza Mara e os artistas urbanos do colectivo Vella Escola.



13.30h.

SESIÓN VERMÚ: CANTAMOS CON... ROSALÍA DE CASTRO!

Espectáculo musical familiar, con
Luis Vallecillo, cheo de música en
directo, xogos e bailes.



16.30h.

PASARRÚAS ROSALIANO

Saída da Praza de Mazarelos

Pasarrúas teatralizado, con Os Quinquilláns
(ruta circular). En 1880 Rosalía está a punto
de abandonar Compostela, onde deixa canto
máis quixo. Ela e o seu amigo de mocidade,
J. M. Paz Novoa, pasean pola praza do Pan,
visitan a casa natal de Murguía, o antigo
Liceo da Xuventude, a praza de Abastos...
Acompañaos o gran Luís "O Caruncho" coas
súas cancións e regueifas.



12.00h.

CONTOS NUNHA RODA



Neste “Contos Nunha Roda” centrado no personaxe de Rosalía de Castro e o seu libro “Cantares Gallegos”, descubriremos a súa desconformidade diante das desigualdades de xénero, idioma, clases sociais... e contaremos e cantaremos un conto de Rosalía: “Vidal o sin ventura”.

17.30h.

QUIZ ROSALIANO

Pensas que o sabes todo sobre Rosalía? Si? Pois tenta demostralo neste Quiz Rosaliano e gaña algúns dos paquetes de produtos rosalianos que temos como recompensa. Pola contra, se pensas que non o sabes todo, a que esperas para participar e aprender máis sobre a vida e obra dunha das nosas máis grandes autoras? Quen sabe... igual ti tamén consegues un dos nosos premios!

18.30h.

“INTENSO E SOLIDARIO FEMINISMO. ESTUDOS ROSALIANOS”

Presentación do libro “Intenso e solidario Feminismo. Estudos Rosalianos”. Contarase coa presenza da autora do ensaio, M^a Pilar García Negro, e de M^a Carme Pérez-Sanju-lián editora.

20.00h.

O ATREVEMENTO DA VOZ NOS VERSOS


Chan da Pólvora Editora propón revisitar a obra de Rosalía a través de catro voces, realmente orixinais, que fixeron da oralidade un instrumento de potencialidade poética. Nuria Vil (Vigo, 1993), Rosalía Fernández Rial (Carballo e Muxía, 1988), Samuel Merino (Pontevedra, 1982) e Lúa Mosquera (Miño, 1988) parten de distintos poemas de Rosalía para levantar un recital propio, titulado xenericamente “O atrevemento da voz nos versos”. O recital non só nos permite recuperar o pulso da autora de “Follas novas” senón que tamén nos adentra na traxectoria destas catro poetas, reunidas aquí pola súa exploración no desexo e no cotiá. Poesía para escoitar pero tamén para ver ou para encontrar, na excitación dos sentidos, cos ollos pechos.

21.15h.

LOITA AMADA



Presentación oficial do seu novo traballo en directo, “Rematou o simulacro”, con influencias de rock, punk, Oi, música tradicional galega, Ska e ritmos latinos



Tal como as nubes
que impele o vento,
i agora asombran, i agora alegran
os espazos inmensos do ceo,
así as ideas
loucas que eu teño,
as imaxes de múltiples formas,
de estranas feiturax, de cores incertos,
agora asombran,
agora aeraran
o fondo sin fondo do meu pensamento.



Deputación
DA CORUÑA



CONCELLO DE
SANTIAGO